



**“Un camiño imaxinado”,
paneis no
Pereiro sobre
o Camiño de
Santiago**



Páxina VI

**Reunión dos
alcaldes de
Pereiro e
Ourense por
proxectos
comúns**



Páxina VII

**Feira de
Outono de
Allariz**



Páxina IX

**Concurso de
Pinchos -
Sabores de
Ourense**



Páxina X

**Ourense obtén
dúas parcelas
estratéxicas
para as Burgas**



Páxina XIII

**Xornadas de
Portas
Abertas das
Rutas dos
Viños na
Ribeira Sacra**



Páxina XV



Día de Portugal no Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar

Páxina XII

Entrevista



Helena Domínguez, investigadora

**“O coñecemento sobre este
libro ao mellor se produce
máis adiante e grazas ao
boca a boca”**

Páxina V



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

A crise da "nova normalidade"

É común observar nos mass media a narrativa de que estamos entrando na "nova normalidade" post-pandemia. Mentres levántanse as restricións e a vacinación masiva entra nunha nova fase, ingresamos agora na difícil realidade económica.

Esta "nova realidade" da síntomas de atasco na economía mundial, cos riscos da escaseza de insumos, elevada inflación, encarecemento da enerxía, precariedade laboral e postos de traballo sen cubrir en medio de despedidos masivos a nivel mundial.

Como ocorrera coa pandemia en 2020, o mundo volve a mirar a China, a segunda potencia económica mundial tras EEUU. O peche de fábricas no xigante asiático, durante décadas considerado como "a fábrica do mundo", corre paralelo a un proceso de reforma estrutural política e económica impulsado polo seu líder Xi Jinping, que advirte cambios significativos na actitude chinesa de cara á globalización.

En EEUU, entre abril e agosto, 20 millóns de persoas perderon o seu emprego, toda vez hai once millóns de postos de traballo sen cubrir. E todo isto nun país con máis de dez millóns de inmigrantes ilegais.

Se a pandemia e incluso as repentinas "caídas" no subministro de servizos por parte de multinacionais como Facebook nos ensinaron que tan "globalizados" estamos, China nos está advertindo algo que xa vimos con Trump e que levemente continúa con Biden na Casa Branca: a necesidade de aplicar o proteccionismo económico, menos consumo e fomento do aforro, cuxos ecos trascenderán de cara á economía mundial.

Observamos nas noticias como a escaseza e encarecemento da enerxía (o petróleo Brent sube e cotiza aos US\$ 86) e a falta de insumos está provocando colas e nerviosismos nos mercados occidentais. Isto é máis visible nestes momentos en Gran Bretaña, aínda que tamén motivado polo Brexit. Os stocks apuntan a mínimos, aínda que con capacidade de aguantar a curto prazo. Pero a caída do consumo a nivel global pode ser significativa nas próximas semanas, e máis cando se acercan datas emblemáticas para o consumismo desmesurado como son o Black Friday e Nadal.

Isto terá máis incidencia en contextos como o europeo, economicamente menos competitivo que EEUU e China. O presidente Emmanuel Macron anunciou 30.000 millóns

de euros destinados á "reindustrialización francesa" con visos a proteccionismo comercial, e así poder aguantar a recesión global xa instalada nos mercados. Como dan a entender Xi, Macron, Biden e incluso Putin, o proteccionismo pode converterse nunha ferramenta quizáis non tan cunxuntural.

Paralelamente, dúas crises inesperadas (Alxeria-Marrocos e China-Taiwán) e as permanentes tensións ruso-occidentais (Premios Sajárov e Nobel para disidentes como Navalny e Muratov) afectan a Europa principalmente no seu subministro enerxético a piques de entrar no inverno, precisamente porque esas crises e tensións involucran aos seus dous principais provedores (Rusia e Alxeria) pero tamén ao principal consumidor global (China).

A OCDE anuncia que os seus stocks de petróleo están "por debaixo da media" mentres nos mercados comeza a falarse de "crise de ansiedade de oferta" que pode levar a dificultades de subministro para o 2022 ante o aumento da demanda global. Dende Washington, o presidente Joe Biden impulsa proxectos enfocados en "enerxías limpas", un cambio de modelo que busca reducir a dependencia do petróleo e do gas natural. Do mesmo xeito, China busca eliminar a súa dependencia do carbón de aquí ao 2050.

Obviamente, a suba do petróleo beneficiaría a produtores lastrados por crises políticas (Venezuela, Angola, Alxeria) pero ralentiza o consumo e a produción industrial naqueles países dependentes dese subministro, especialmente Europa, China e Xapón.

Neste clima de incertezas económicas, América Latina agarda este mes de novembro eleccións chave en países como Nicaragua, Arxentina, Chile e Venezuela e a posible renovación de tensións sociopolíticas (Cuba). Toda vez, os respectivos gobernos e elites políticas latinoamericanas verán contestadas nas urnas as súas xestións da pandemia en contextos de crise socioeconómica.

Neste mundo de "nova normalidade", a posibilidade de rexistrarse unha crise económica global similar ás acontecidas en 1929 e 2008 comeza a planear seriamente nos mercados e nos despachos de poder dos principais actores globais. E todas estas expectativas enfocan as súas miras principalmente nun país: China. Pode que, indirectamente, isto tamén explique ata qué punto o xigante asiático está asumindo un rol preponderante neste complexo mundo do século XXI.



Ramón Gosfoguel, sociólogo portorriqueño

Mensaxe a Arnaldo Otegi e Oriol Junqueras

Ramón Gosfoguel, sociólogo portorriqueño, valorou a situación política en España, e fixo un vídeo no cal iniciou un debate para conseguir a mellor estratexia para frear de maneira efectiva o fascismo ao estado español.

O sociólogo dirixiu o seu discurso especialmente a Arnaldo Otegi, coordinador xeral de EH Bildu, e a Oriol Junqueras, presidente de ERC.

Gosfoguel explicou que tanto ERC, como EH Bildu están a pactar co Goberno para parar a dereita e a extrema dereita, pero que se está dando por suposto que a alternativa con PSOE e Podemos terá unhas mellores repercusións a medio e longo prazo. O sociólogo puxo de manifesto que precisamente "as políticas mornas da dereita de todas as democracias socialdemócratas ao norte dos Pirineos son quen consolidou o ascenso da extrema dereita e o afundimento político da pseudoesquerra".

Gosfoguel expuxo que a caída e esgotamento destas forzas pseudoesquerranas tivo como consecuencia o auxo do fascismo.

Así, destacou que como que non se interromperon as lóxicas de dominación das institucións, hai un descrédito do socialismo mentres o neofascismo segue crescendo. Ata o punto que, como que as pseudoesquerranas non fan ruptura coas políticas de dereitas, é lóxico que se acabe votando "ao orixinal e non á fotocopia", facendo uso das palabras que no seu momento dixeran o ex líder ultradereitista francés Jean Marie Le Pen.

Noutras palabras, que quen quere fascismo, non votará un partido fascista con timidez, senón simplemente a un fascista. Para acabalo de adobar, Gosfoguel mostrou que a crise do capitalismo consolidou esta tendencia, debido a que podería estar en perigo o modelo económico.

Gosfoguel puxo o eixo que España considerouse un estado imperial, posto que a etapa postfranquista é unha "transición abortada, na cal non se expulsou completamente o Franquismo das institucións". Por tanto que ten unha sección dereitista e outra zurda, pero as dúas centradas a


manter o statu quo imperialista. Por tanto, en canto ás temáticas centrais, as forzas pseudoesquerranas imperialistas sempre defenden, contra vento e marea o imperialismo. Por tanto, non teñen un punto de vista rupturista e cando estas forzas políticas pactan con partidos como EH Bildu ou ERC, forzas independentistas "acábanse desmobilizando", posto que as forzas pseudoesquerranas non se moverán da posición na cal están enrocadas.

Deste xeito, destaca que o PSOE e Podemos opuxéronse ao referendo do 1-0, e no caso dos socialistas fixeron posible a aplicación do artigo 155. Por tanto, que as esquerdas que non son antiimperialistas, acábase situando á dereita na loita de clases e dos movementos soberanistas. Por tanto, que o antipatriarcalismo, o anticapitalismo e o antiracismo necesariamente teñen que estar en contra do imperialismo español, porque este movemento susténtase nestes elementos.

O sociólogo apuntou que "só o pobo salva o pobo". Noutras palabras, non hai roteiros intermedios, porque se demostrou que as políticas mornas son as que causan o ascenso da dereita e que, á súa entender, fai falta unha política de confrontación ao fascismo.

Gosfoguel exemplifica isto no caso do

deputado inhabilitado de Podemos, Alberto Rodríguez, que se quedou só ante o Tribunal Supremo, porque o seu propio partido abandonouno porque para defendelo facía falta opoñerse a unha lóxica imperialista. Por tanto, destacou que non se pode seguir aprobando "a cambio de nada" ao Goberno, debido a que teñen incumprimentos históricos que non comportaron consecuencias por estes partidos pseudoesquerranos.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Debera queimarlles nos petos!

A política pode resultar ilóxica desde o momento no que os novos representantes comezan a negar aos representados o cumprimento das promesas do seu programa, a confianza e expectativas xeradas. A cousa vólvese así de lamentable pois non comprenden o acordado, nin dan opcións para compensar o dano, como debera ser. Saber que souberon das nosas vontades sería un logro, e desde elas tomar decisións sería unha excelencia. Pero é que se ten que producir o problema para que saiban que existe? Sabían del cando nos pediron o voto! Sobre todo, agora, atentan contra a dignidade, a razón e a vida. Son as propostas dos gobernos as que vulneran ao común da xente. Que cousas!


Moita xente perdeu a fe. Anque se fagan actos moi aparentes para lucirse, deixarse ver nos arredores completándose de publicidade. O que fai falta non é iso, senón que resovan o problema e detectalo en tempo. Se non foron quen de loitar previamente ao sucedido, agora trátase de loitar con todos os argumentos e a forza do dereito nos foros onde interveñan e deciden, que se saiba do dano xerado. Mais non, resultan ser fabricantes de palabras, de máximas moi hábiles na inter-

pretación, de frases lapidarias que mesmo poñen nas súas redes para sedución de incautos e consolo de torpes. Así non avanzamos en temas cruciais a respecto da Nosa Cultura e Lingua, nin de traballos sen precariedade, ou sanidade, educación, administracións públicas sen privatizacións ou copagos, sen aeroxeradores especulativos, sen eucalitizaciós abrasivas e contaminacións invasivas. Deben deseñar un rural e un monte sustentable sen lodos, eólicos, minas, crematorios e outras formas de contaminación. Deben asistir ás vilas e cidades, buscar orzamentos sen poñer prezos ao servizo “público” porque senón vólvese privado. Iso suma unha morea de temas entre os que se debe incluír a cantidade asfixiante de papeis nos que se certifica que o certificado é para certificar. E é aí, nesas voltas, onde moita xente perde a fe. Entre todos consenten e non resoven, buscan unha abstención claudicada nos parlamentos. Saben que aqueles aos que un día votaron, tamén esquecen a contundencia da loita. E nós, ao saber que abandonaron o compromiso, acabamos coa esperanza que tiñamos. Perderon tamén a nosa representatividade. Servida está a decepción, pasa o tempo e resultan cola-

boradores do que non se fai, nesta referencia de vida, unha promesa máis e incumplida. O tempo xoga en contra de nós. Imos perdendo. Xa non lembran que a política vólvese circunstancias nas que hai que com-

benas de expresión allea, centros educativos ben dotados, docentes que traballan en dignidade, médicos para atender suficientemente, que non hai colas, que xeramos emprego de calidade e se minorizan miserias, que atopan lugar aqueles que aínda non tiveron o seu primeiro emprego, que melloran as pensións, que hai vivendas para todos. Cousas xa moi sabidas. Que o terra volve ser nosa!

Por iso, porque pasa o tempo e non vemos é polo que non debemos dar consentimento, nin permitir que xeneralicen - que aí é onde se esconden. Chantarnos e sinalar aos que din “nos representan” desde a nómina abondosa. Descubrilos, marcar distancia de palabras e feitos. Hai que sinalar aos que rouban, aos que abusan, aos que incumpren a norma elemental de facer proselitismo de baixo custo, perdido en voces e silencios. Non podemos agardar ese “despois”. Non liberaron das coitas e dos medos. Levan anos madurando solucións, e nada! Os seus enormes soldos son as nosas garantías de sanidade, de educación, de coberturas. No silencio dos seus cobros levan os tratamentos para a saúde, os copagos, os libros e libretas da miudanza, as axudas para os máis coitados. Non lles queimarán nos petos?



bater até desfacerse, contra as enormes ondas que abafan, hai que partir as augas, rompelas coa nosa proa até dar camiño aos que xa non cren -á vista do que vemos. Que a Lingua volva ser código de expresión, tamén entre a xente nova, que haxa actos culturais e non só eternas ver-

Por Ramón Coira Luaces

Cazárono polas rastas

Hai cousas que non poden ser. Unha delas é un deputado con rastas. Un deputado e vicepresidente do Goberno con coleta e moño xa renxía de carallo e, de feito, tivo que dimitir por ameazas de morte tanto a el como a súa familia. Que vai ser o próximo, unha muller coa cabeza afeitada? Iso tampouco pode ser, xa volo digo eu. A xente “respectábel” quere ver como deputado a alguén con tatuaxes e piercings na cara? Está claro que non. A xente de ben síntese ameazada. E se a Súa Ilustrísima lle pegan un piollo? Ten acaso

que darlle a Súa Alteza a man con aprensión por ser lle pega calquera enfermidade? Cae de caixón de que non pode ser. As leis do universo que habitamos son así. O mesmo Xesús de Nazaret, de resucitar, tería problemas serios e moitos cristiáns e a Igrexa volverían crucificar. Por desdaseado e piollosos! @s polític@s e membros da xudicatura por moi corrupt@s e fascistas que poidan chegar a ser, son xente aseada que coída a súa imaxe; non son “escoura”; visten ben. En quen viste ben é xente de ben. No Parlamento español hai aldeáns que, “na súa



ignorancia” até presumen diso, pero polo menos non chaman a atención nin atentan contra as normas de etiqueta dese xeito tan espantoso. Como non van pensar que no Estado sobran vinteseis millóns de persoas? Queredes repartir a riqueza e vestides como vagamund@s. Se é que llo poñedes a xeito... Coido que xa chega tarde o consello, pero se Alberto Rguez. cortara a rastas, seguramente non tiña ese problema. Pura lóxica matemática. Se lle fisexe caso á súa avoa non lle pasaba iso, pero a rebeldía é o que ten...



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Por Nemésio Barxa. Do Padroado da Fundación Manuel Maria

Colonizadores

Uns reis de Castela e Aragón chamados, non se sabe bem porque, Católicos, ficam no inicio da descoberta de América por Cristobal Colom, no começo da colonização e escravidão dos seus povos indígenas, um 12 de outubro.

A conquista e colonização de América, concretamente do Sul, é uma historia de roubo, aldraxe e sofrimento. O império incaico, assentado nas regiões andina e amazónica, bem organizado, com uma grande povoação que se beneficiava de notório bem-estar baseado numa próspera produção agropecuária e num eficaz sistema social acumulativo e redistributivo destruídos polos colonizadores. A pax hispana, escreve Carlos Milla Batres, autorizou extermínio e veja-me, abuso do homem sobre o homem e menosprezo visceral pola raça vencida e uma exploração brutal que aplastou ao povo andino, já agoniado polo trance de uma guerra civil entre panacas reais. E acrescenta Washington Delgado que a conquista e o vice-reinado significaram a destruição do império incaico e da sua cultura, a morte de grande parte da sua povoação, derruídos muitos de seus monumentos, perseguidas e castigadas suas praticas religiosas seus usos, costumes e instituições... a conquista foi cruenta com a agravante da intromissão de um novo povo chegado do outro lado do mundo, belicamente forte, que, desarticulou

sua produção agrícola, mudou seus hábitos alimentícios e desorganizou a sociedade indígena, ainda comunitária, passando a uma organização social de servidão e escravitude de maus tratos e humilhações,



na que uma minoria opulenta e soberbia gozava de case toda a riqueza e que nenhuma solução eficaz tinham para os problemas indígenas, polo que o poder político só o exerciam pola força das armas. Os métodos agrícolas modernos mais tecnificados não conseguem igualar os sistemas cibernéticos aplicados polos incas para aproveitar com a máxima eficácia a grande diversidade de microclimas que oferece a geografia andina. Estes conhecimentos não foram aproveitados polos conquistadores espanhóis e seus herdeiros, centrados

la espoliação mineira, nem polos que se apropriaram da maior parte das terras de lavoura com os índios que nelas trabalhavam, reduzidos á condição de escravos.

No primeiro quarto do S. XIX as luitas pola independência das colonias semelha que deveram ser encaminhadas á emancipação dos povos sometidos, como ocorreu na China, India e Africa nos que os nativos

expulsaram ao colonizador ou na mesma Espanha com a conquista árabe e posterior reconquista; em América correu de jeito diferente e as povoações indígenas rematarem recluídas em reservas no norte e reduzidas a grupos marginais, despreziados e inferiores no centro e sul. O chamado renascimento andino do S. XVIII, anteriormente poetizado polo Inca Garcilaso, foi uma ilusão efêmera e quase não nata, pois o pro-

jeto de construir uma república plural e multiétnica foi liquidado polas autoridades coloniais em colaboração com alguns setores crioulos.

Os povos nativos, tanto no norte como no sul de América, foram em grande parte exterminados, escravizados e reduzidos a uma vida miserável, inicialmente ate se discutia se teriam alma. E todos pareciam considerar normal esta situação. Tiveram que passar séculos para que a sociedade compreendesse a brutalidade e injustiça dos conquistadores com os povos nativos

e reescrevesse a história já que na dramática realidade nada mudou e os nativos seguem a ser cidadãos de segunda ou servos.

Tambem os próprios povos indígenas na América do Sul tratam de reverter a situação participando vigorosamente nos órgãos de governo, se bem a força dos descendentes dos conquistadores e os crioulos, com o concurso imperialista dos USA, dificulta que se façam donos de seus destinos. Dentro das vozes que reconhecem o sofrimento dos povos nativo, algumas tão inesperadas como a do Presidente dos USA, Sr. Biden, ou tão insólitas (pois a Igreja deveria haver sido a primeira) do Papa Francisco. Só na Espanha se continua com a mentalidade colonialista e podem-se formular afirmações tão sem sentido como a da Sra. Diaz Ayuso (Pta. da Comunidade de Madrid) de que "o indigenismo é o novo comunismo que é usado por dirigentes e políticos populistas para gerar divisão e discórdia no continente americano", e ainda acrescenta, orgulhosa do comportamento dos conquistadores, que "começam a desfazer o legado de Espanha e promover um indigenismo que é o novo comunismo", manifestações às que se suma o Sr. Aznar que segura igualmente que "o indigenismo é o novo comunismo e vai contra Espanha", ao tempo que um e outro negam-se a pider perdão e criticam as palavras piadasas do Papa.

Quinta de Limoeiro, outubro de 2.021



Xosé- Bieito Coello Coello

0 cambio de hora

Temos unha gran sorte de contar en Galicia con un excelente físico, Jorge Mira, que aparte fai un enorme traballo na divulgación da ciencia e sobre todo facela accesible, o que permite que moita xente poidamos chegar a ela. Non obstante, discrepo nun punto con el, cando afirma que debemos de permanecer facendo os dous cambios de hora tódolos anos como deica agora, e manernos no mesmo horario que ten Alemania, Polonia, Austria, Servia, etc

Non podo discutir con J. Mira cientificamente porque teño tódalas de perder, non obstante, o meu senso común dime que parece raro que se equivoquen tódolos países e comunidades que están no noso meridiano: Irlanda, Reino Unido, Portugal, Marrocos, Islas Canarias, Mauritania, e todos os países do oeste africano. Supoño

que estes países terán tamén científicos capaces, e por iso teñen un horario diferente do resto de países que están máis o este en Europa. España polo tanto penso que tiña que estar no horario que lle corresponde neste meridiano e polo menos Galicia, sen ningunha dúbida. Non é lóxico que nos teñamos o mesmo horario que por exemplo Eslovaquia, onde hai máis de hora e media de diferenza solar.

E respecto o cambio de hora dúas veces o ano aínda é mais grave. Este sistema aplicouse non fai moitos anos atendendo exclusivamente a intereses económicos, pois dicíase que se aforraba en consumo de enerxía con este cambio. Pode ser que se aforre algo, aínda que sería discutible si acopláramos os nosos hábitos de vida ó horario solar, cousa que en España non se fai polo menos nas cidades. Mais neste

aforro non se ten en conta un problema de saúde, o da adaptación que ocasiona ás persoas este cambio, e que dura moito máis de tres días, como din algúns. Polo menos no meu caso aféctame dunha maneira importante no sono e tamén lle pasa a outra xente que coñezo. Igualmente a un gandeiro escoiteille que tiña un problema coa alimentación dos seus animais ó cambiar a hora, aparte da infinidade de trastornos que orixina esta alteración anti-natural, ata vin nunha estatística que o cambio de horario incrementaba os infartos. Nos aínda que somos racionais, tamén somos animais e na maioría dos casos deberíamos rexernos polos códigos que marca a natureza.

E moi bo escoitar a tódolos científicos, mais logo correspóndenos ós cidadáns tomar as decisións, e sábese que a cidadanía europea, moi maioritariamente, non quere

que se cambie a hora, polo tanto, menos reunións de comités de "expertos", e o



Cosello da UE, dunha vez por todas, que cumpra as decisións maioritarias.

Seguirei escoitando e lendo a Jorge Mira, a quen admiro, aínda que neste tema discrepe radicalmente.

Por Moncho Mariño

Entrevista a Helena Domínguez, investigadora

“O coñecemento sobre este libro ao mellor se produce máis adiante e grazas ao boca a boca”

Helena Domínguez é a autora do libro *A Construción Mediática do Conflito. O Caso de Resistencia Galega*. Neste documento faise unha investigación sobre o tratamento desde a

perspectiva dos medios sobre o grupo Resistencia Galega. O traballo realiza unha comparación sobre o tratamento informativo desde a perspectiva de medios asentados en Galicia con liñas editoriais diferentes.

-Que motivación te levou á redacción primeiro dunha tese e logo do libro *A construción mediática do conflito. O caso de resistencia galega*?

Eu estudei xornalismo aínda que nunca me gustou o xornalismo “mainstream”, o máis recoñecible, senón aquel xornalismo ás marxes do sistema ou a comunicación alternativa. Estudei en Santiago e iniciéi o doutoramento en Barcelona e no barrio onde vivía había un centro social moi activo e unha incidencia moi grande de okupación de edificios. Esa okupación non estaba ligada á pobreza senón que era de tipo reivindicativo e de activistas. En vista daquilo, decidín facer unha tesina sobre a comunicación do movemento okupa por ser un movemento á marxe do sistema. Era un movemento con propostas económicas diferentes e outro modelo de cidade e por iso traballei sobre ese tema. Cando rematei a tesina volví para Galicia onde debía facer a tese e de aí que o tema estar ubicado aquí. Investiguei a okupación e non tiña o peso que podía ter en Cataluña. Logo fixeime en que se había un equivalente galego aos centros sociais barceloneses en Galicia eran os centros vinculados ao independentismo, sobre todo os das cidades. Así fun estudando

o independentismo e os centros sociais e descubrín que se buscaba facer un traballo sobre o movemento okupa aquí, tiña que ser sobre o independentismo.

-Como foi ese proceso?

Primeiro fixen unha comunicación sobre a prensa independentista para un congreso. Así analiceí o *Galiza Livre*, *Diario Liberdade* e *Novas da Galiza*. Despois desa primeira comunicación tiven que ampliar o coñecemento sobre o tema e ao final pensei que non daría para unha tese. Entón xurdiu todo o tema de Resistencia Galega, xa existía, mais comezaba a ter moita repercusión daquela. Na TVG comezaron a aparecer noticias sobre isto e pareceume que había tanta manipulación e mesturaban tantas cousas que ao final decidín coller ese tema porque sentín que me permitirían falar de todos aqueles temas con interese para min.

-Foi doado contactar con persoas relacionadas co ámbito do independentismo?

Basicamente comecei os contactos por Internet. No caso de *Galiza Livre*, collín o correo de contacto e escribín un contacto e así con todos. Logo dos correos, chamadas e ao final contactos persoais en varias cidades para facerlles entrevistas. Cos centros sociais tamén contactei e a res-

posta foi boa. Cando despois comecei o estudo de Resistencia Galega pecháronse portas, cousa que entendo, pois todo o mundo daquela, tiña medo a verse involucrado ou pensaban que non gañaban nada falando. Isto aconteceu con persoas tanto do independentismo como as que foran acusadas de estar involucradas polos xornais e logo demostrarse todo o contrario. Realmente esa era a xente que me interesaba, as persoas acusadas e que só tiñan un activismo militante.

-Cal sería o motivo desas acusacións contra persoas que non estaban vinculadas a Resistencia Galega?

Foi un “aviso a navegantes” para esas persoas. Houbo unha estratexia de “extensión do fenómeno terrorista”. Isto foi de tal maneira que comezaron a ser sospeitosas de terrorismo actividades sociais, activismo independentista ou aquilo que se apartaba do sistema. Estas persoas foron sinaladas como terroristas para cortarlle as ás ao movemento independentista.

-Cando preparaches a tese, o tema foi ben recibido dentro do mundo académico?

O que foi a presentación e defensa, moi ben, sobresaínte cum laude. A partir de aí o traballo



Helena Domínguez é a autora do libro “Construción mediática do conflito”.

non tivo percorrido académico falo. Despois da tese traballei moito en reaxustala para transformala nun libro máis ameno do que é un texto académico. Non recibín convites para presentalo en centros como a facultade onde defendín a tese. O libro saíu durante a pandemia e o seu percorrido foi nos centros sociais alternativos. Non houbo interese académico por el.

-Coñeces cal foi a recepción que tivo dentro do nacionalismo parlamentario e outros grupos nacionalistas sen representación parlamentaria?

Non o sei porque non tiven ningún feedback. O único feedback foi o dos centros sociais a onde acudiron persoas militantes máis á esquerda do nacionalismo institucional. Xente dos movementos sociais alternativos. O único que puideron ver foron algunhas críticas en prensa en galego que resultaron

boas críticas. En tal caso, o coñecemento sobre o libro ao mellor se produce máis adiante e grazas ao “boca a boca”, imaxino.

-Cales serían as conclusións a onde poden chegar as persoas que lean o teu libro?

Poden sacar a confirmación dalgunhas intuicións relacionadas co control dos medios de comunicación e as relacións entre política e medios. En España os medios están moi politizados, todos sabemos dalgunha maneira, que os medios teñen certos intereses e certo servilismo ou deben pagar certos favores á política. Non só se verá que cada medio ten a súa ideoloxía, algo que é lícito, senón que a poden utilizar para destruír ideas alternativas. Non digo que non fagan bos traballos, só que no caso do nacionalismo e independentismo galego fan unha distorsión da realidade rechamante.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

“Un camiño imaxinado”, paneis no Pereiro sobre o Camiño de Santiago

O Concello de Pereiro de Aguiar inaugurou “Un camiño imaxinado”, a segunda parte da exposición inaugurada no mesmo emprazamento en maio, co obxectivo de promover e divulgar dun modo diferente o Camiño de Santiago. A exposición manterase durante tres meses, ata finalizar o ano Xacobeo 2021.

Alumnos dos centros educativos do concello recrearon a súa perspectiva do Camiño de Santiago na variante que atravesaba a provincia de Ourense, Vía da Prata-Camiño Sueste- Roteiro Mozárabe desde Pobo de Sanabria ata a capital galega.

Trátase dun percorrido de catro quilómetros polo carreiro ao redor do encoro de Cachamuíña onde unha cuncha de vieira sinaliza o inicio do roteiro ao longo da cal se distribúen unha decena de paneis informativos que, na primeira exposición, estaba dese-



Os alumnos de Colexio Miraflores, Ben-Cho-Shey e Guillelme Brown.

ñada por historiadores, arqueólogos e ambientólogos para dar a coñecer o percorrido de forma “próxima, atractiva e amena” e agora conta coa visión dos estudantes para cumprir o mesmo obxectivo.

Luis Menor Pérez, o alcalde, explicou que “para aquelas persoas que pola súa condición física non teñen a oportunidade de realizar o Camiño de Santiago

teñen a posibilidade de realizalo, modestamente, a través desta exposición en Cachamuíña”.

As etapas do camiño imaxinado son Pobo de Sanabria-Lubián; Lubián-A Gudiña; A Gudiña-Laza; Laza-Xunqueira de Ambía; Xunqueira de Ambía-Ourense; Ourense-San Cristovo de Cea; San Cristovo de Cea-Dozón; Dozón-Bandeira e Bandeira-Santiago de Compostela.

Novo alumeado público en Tapada de Bouzas e Veiga de Abaixo

O Concello do Pereiro de Aguiar conta con preto de 4000 puntos de luz debido, fundamentalmente, a súa dispersión poboacional, o que require grandes esforzos no seu mantemento e mellora. Dende o Concello “apostamos pola eficiencia enerxética e para iso solicitamos a subvención do IDAE que nos foi desestimada por falta de fondos ao esgotarse o orzamento. Nos seguimos a espera de que poñamos a optar a renovación de todo o alumeado que non está en tecnoloxía led pero ata que se nos conceda esa axuda temos que seguir actuando na medida das nosas posibilidades”, explica o rexidor Luis Menor Pérez. Coa axuda dunha subvención da Deputación, acometerase esta mellora do servizo nas dúas urbanizacións que constitúen dous dos maiores núcleos do Concello, conforme aos informes técnicos para lograr maximizar os beneficios da inversión chegando ao maior número de persoas e tendo en conta o aforro



Urbanización Tapada de Bouzas.

que se consegue coa mesma.

“De xeito inmediato escomenzarán as obras e, antes de fin de ano, máis de 800 veciños poderán gozar dos beneficios do cambio ao tempo que lograremos un importante aforro” sotén o alcalde. “Seguimos traballando co compromiso de seguir mellorando este servizo básico e esperando que pronto o cambio total sexa unha realidade. Nos temos os proxectos preparados e a capacidade de financiación. Esperamos que o IDAE nos permita, nunha nova convocatoria, acceder a esta subvención e levalo a cabo cantos antes.

Info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

Camisetas Personalizadas
a todo color desde 1 und.

Francisco de Moure 20, Ourense

ORO Y PLATA
+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

988 60 70 75

Ya puedes encargar tus CALENDARIOS para tu negocio

www.orixepublicidade.es - C/Francisco de Moure 20, Ourense, 988 60 70 75

Os alcaldes de Ourense e Pereiro de Aguiar impulsarán proxectos de infraestruturas e de servizos

Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, e Luís Menor Pérez, alcalde do Pereiro de Aguiar, reuníronse para achegar posturas para o impulso de proxectos en materia de infraestruturas e de servizos. Concretamente, a conexión a través da extensión das liñas de autobús da capital, o arranxo da estrada que une as dúas localidades pola estrada de Montealegre, e a senda peonil desde a ribeira termal de Ourense até o encoro de Cachamuíña. “En calquera dos casos, trátase de prestarlles un mellor servizo aos cidadáns”, asegura Pérez Jácome.

No caso da extensión das liñas de autobús, serían as do propio Concello de Ourense as que penetrarían no do Pereiro, que se encargaría de achegar o custe adicional. Esta petición trasladáraselle á Xunta de Galicia para a súa autorización, xa que é a institución que ostenta as com-

petencias en materia de transporte metropolitano.

Tamén se lle solicitará á Xunta e á Deputación axuda no arranxo da estrada que une ambos concellos a través do Montealegre, unha vía moi limitada pero con alto índice de tráfico, xa que é moi empregada por traballadores do polígono industrial do Pereiro que viven en Ourense. Igualmente, quérese impulsar definitivamente o proxecto de senda peonil entre a ribeira termal de Ourense e o encoro de Cachamuíña, uns traballos que o concello veciño do Pereiro de Aguiar xa avanzou coa limpeza e acondicionamento de espazos naturais.

Entre ambos rexedores existe un absoluto acordo e boa vontade para a execución dos proxectos



Gonzalo Jácome, Luís Menor e Fran González.

“algúns deles xa maduros”, en palabras de Luís Menor-, que precisarán doutras institucións supramunicipais para a súa posta en marcha.

A reunión, que contou coa presenza de Fran González, concelleiro de Democracia Ourense (DOu) en Pereiro de Aguiar, tamén serviu para falar da actualización dos lindes entre os dous concellos, un trámite administrativo para unificar e delimitar a fronteira exacta entre os dous concellos, e que conta co apoio da Dirección Xeral do Catastro.

Primeiros pasos para constituír a asociación de mulleres rurais do Pereiro

O Concello do Pereiro de Aguiar sigue comprometido na consecución da igualdade real de xénero e de oportunidades no ámbito rural, e así apoiamos a primeira reunión para poñer en marcha a constitución dunha Asociación de Mulleres Rurais no Concello do Pereiro. “A potenciación do asociacionismo feminino é unha ferramenta para conseguir entre outros que permitan levar a cabo actuacións que reivindiquen o importante papel que desempeñan as mulleres do rural, visibilizando a súa labor e adoptando medidas que favorezan o seu empoderamento, e permitan un cambio a nivel económico, social e cultural, garantindo oportunidades laborais e medidas de conciliación e corresponsabilidade”,



As pioneiras da futura asociación de mulleres rurais.

manifesta o alcalde..

Luís Menor sostén que “este primeiro encontro é sen dúbida o xerme dunha iniciativa que vai a dar os seus froitos de seguido e que dende o concello apoiaremos con toda a forza convencidos da xustiza dos seus obxectivos. Animamos a todas as mulleres a sumarse a esta iniciativa para facela forte e útil para a defensa dos dereitos da

muller no ámbito rural”.

“Si en algún sitio recoñecemos e valoramos o papel da muller rural é en Galicia. En particular en concellos como o noso onde a emigración o traballo no agro e coidado da familia foron tarefas que tiveron que asumir moitas veces en soidade. Hoxe as cousas van mudando. Pero aínda se precisa avanzar moito máis”, na opinión do rexidor municipal.

Primeira andaina da Universidade de Vigo despois da pandemia

Máis de oitenta persoas- a maioría da provincia de Pontevedra- participaron na primeira andaina da Universidade de Vigo despois da pandemia. Dende a capitalidade do concello percorreron a ruta formada polo encoro de Cachamuíña, ruta dos muíños do Loña e a Chaira volvendo a praza do concello. Luís Menor Pérez, o alcalde, deulles a benvida ao concello e fixo con eles a primeira parte da ruta desexándolles que disfrutaran da mesma e da súa estancia. Logo os organizadores trasladáronlle ao rexidor a magnífica impresión que se levaron, prometendo voltar en sucesivas ocasións.

“A Dirección Xeral de Turismo concedeunos unha subvención de 30 mil euros, que permitirán rematar o acondicionamento e sinalizar diversas rutas do noso concello”, sinala o alcalde. Experiencias como a citada poderemos



disfrutalas en tres novas rutas que serán realidade antes de fin de ano. “Apostamos por poñer a disposición de veciños e visitantes todas a beleza e posibilidades que ten o Pereiro onde todo o mundo é benvido. Fomos emigrantes e ninguén mellor que nos sabe acoller a todos os que nos visitan na nosa casa. Grazas aos responsables da Universidade de Vigo por escoller ao noso concello nesta “volta a normalidade”.

O parque empresarial do Pereiro de Aguiar será ampliado

A Xunta anuncia a ampliación do parque empresarial de Pereiro de Aguiar onde Xestur só ten unha parcela dispoñible nos terreos entre a estrada OU-537 e o límite de San Cibrao das Viñas, ata un total de 194.000 metros cadrados.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, visitou unha das dúas parcelas adxudicadas en Pereiro e anunciou que nos últimos días vendéronse en Galicia 16 por un importe de 4,52 millóns de euros, cun desconto do 50%.

Antes de visitar o parque de Pereiro, a conselleira mantivo unha reunión con empresarios do municipio na casa do concello, onde lembrou que xa se están planificando novas bolsas de chan, co fin de adiantarse a posibles necesidades, a través da segunda modificación do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

Luís Menor Pérez, alcalde do

Pereiro, agradeceu o apoio do departamento que dirixe Vázquez coa “ampliación natural” do actual parque empresarial. Ou rexedor afirmou que dará resposta a dúas circunstancias. Explicou que o chan empresarial non Concello está practicamente esgotado e que ou aumento atende a unha necesidade que se está detectando, tendo en conta o crecemento poboacional do Pereiro.

Esas necesidades xorden en casos como o do polígono de Pereiro de Aguiar, que só conta cunha parcela dispoñible, e tamén prevé na provincia actuacións no Carballiño-Maside, así como no Barco de Valdeorras.

Aos 3.677 m2 da provincia de Ourense, Vázquez sinala que hai que sumar os asignados no resto de Galicia. No que vai de ano a Xunta adxudicou ou ten reservados máis de 327.000 metros de chan empresarial en toda a comunidade, que supoñen en total un prezo de venda de 24,5 millóns.

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Portugueses de Viana do Castelo en Ourense



Os portugueses de Viana ao carón da catedral de San Martiño.

Este grupo de portugueses de Viana do Castelo estiveron o día 6 de novembro en Ourense con motivo de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, pero tamén percorreron as rúas do casco vello e as termas. As cinco parexas veñen con frecuencia a Ourense porque “adoramos a cidade que ten un ambiente moi festeiro”.

Logo de “picar” nos bares de viños cearon en La Gula, local no que Marcos Mojón ofrece estes días cocido así como cachopos,

picaña, mini burgues e tataki de atún. La Gula, especialistas en comida española, ofrece cada tres días pratos diferentes sempre elaborados con produtos frescos do mercado.

Os portugueses fixeron logo unha ruta nocturna “xa que a cidade prestase para pasear e resulta moi animada. Nosoutros temos espírito de festa e convívio e o persoal de eiqui é moi simpático. Somos sempre moito ben recibidos”, manifestan Fátima Parente e os seus amigos.

Bicas e galletas de castaña



Dositeo Álvarez, secretario e José Ramón Feijóo, presidente de Sofragal na caseta da cooperativa en Xantar.

Sofragal, sociedade cooperativa galega, con sede no parque empresarial de Luítra (Nogueira de Ramuín) estivo presente en Xantar 2021. A firma constituíuse en 2013 e en 2019 construíron unha nave para facer fariña de castaña. Fai dos meses iniciáronse na repostería. Dositeo Álvarez, secretario de la cooperativa, sinala que recollen entre 20 e 25 toneladas de castaña ao ano.

As súas primeiras galletas as bautizaron co nome de Baralletas, en referencia ao idioma de afiadores

oriundos de Nogueira de Ramuín. As teñen normais, de chocolate e con forma de palito. E teñen tamén bicas de castaña e Garabullos. Estes produtos foron presentados no Salón de Alimentación do Atlántico (Salimat) e agora en Expourense. Polo momento, as galletas elaboranse nunha panadería próxima, pero pretenden realizar un investimento para contar cun obradoiro profesional. “Só levan fariña de castaña, de trigo, azucre moreno, aceite e ovo”, conta Álvarez.

ALPENDRE PULPO

Tapas, revoltos, montados.

Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

MADISOR, S.L.

Distribución MARRA Orensana

Rúa 8, Parcela 10 - Polígono San Cibrao das Viñas
32901. (Ourense).

Tfnos: 988 247 614 - 601 info@madisor.es

CASA PARROCHA

Tortilla de parrocha
Bombiñas de cocido
Tostas de setas

Estamos en Instagram e Facebook

Rúa Lepanto, 19
OURENSE

Café Bar PACO

Pizzas
Hamburguesas
Especialidade en cañas de cervexa

Rúa do Vinteún, 19
Tfn. 988 31 87 93
Ourense

Mel, cogomelos, noces, castañas e queixos na Feira de Outono de Allariz

Allariz acollerá a fin de semana do 13 e 14 de novembro, a vixésimo quinta Feira de Outono. O evento gastronómico ten por obxectivo dende fai moitos anos promocionar, potenciar e valorizar os produtos de outono. O pavillón do instituto, localizado na rúa Emilia Pardo Bazán, acollera una nova edición da Feira logo do parón do 2020.

Cristina Cid, alcaldesa de Allariz, sinala que a Feira de Outono cumpre vinte e cinco edicións. "Aínda que situación non nos permite facer unha gran celebración, como merecería a ocasión, esta edición ofertará produtos de calidade a todas aquelas persoas que se acheguen a Allariz".

Máis de trinta produtores venderán mel, cogomelos, noces, castañas e os seus derivados, entre outros como queixo, embutidos e produtos de horta durante os dous días da mostra.

A programación da Feira inclúe cociña ao vivo dan man de Gersón Iglesias e de Begoña Vázquez, charlas micolóxicas con Mycogalicia, así como presentación de produtos novos e obradoiros infantís. As actividades serán con capacidade li-



Cristina Cid y María López.

mitada ata esgotar prazas.

Nesta edición, coincidíndoo coa publicación en galego de varios dos seus libros, María Oruña estará na Feira de Outono, da man da Editorial Aira, presentando e firmando libros o sábado 13 a partir das 13:00h. Así mesmo o domingo a mesma hora, terá lugar a presentación do libro Un día de festa en Allariz, ca presenza do ilustrador Jorge Campos e representantes da Editorial Aira. Para esta presentación estarán acompañados por Fina Rei que obsequiará cun petisco moi especial aos asistentes a charla.

As castañas de Riós

En Riós vense celebrando desde hai 11 anos a festa da castaña e do cogumelo co obxectivo de en-



xalzar estes dous produtos típicos do outono e da zona. Durante dous días da primeira fin de semana do mes de novembro celebráronse actividades de tipo cultural e gastronómico; charlas informativas sobre os castiñeiros, concurso gastronómico da castaña e do cogumelo, concurso fotográfico e casetas expositivas con produtos artesanais da zona, embutidos, carne ecolóxica. A festa finalizou cunha comida-degustación popular, que o Concello organiza destes dous produtos, que ano a ano conta con gran asistencia de comensais, tanto dos veciños do Concello como de foráneos.

Riós forma parte da comarca produtora de castaña de Conso- Frieiras, cunha produción anual que rolda as dúas mil toneladas. Dada a calidade e calibre das castañas da comarca son demandas de todas as partes do mundo.

As variedades máis comúns no Riós son: Famosa, Longal, Vermella e a Piñeira, sendo as variedades de Famosa e Longal as máis abundantes e a Piñeira, a primeira en dar froito.

Café Bar VILAVELLA

Menú diario
Comida á carta
Cachopo
Codillo
Carrilleras

Río Cerves, 2
988 000 450
O Vinteún
Ourense

LA MAMMA CONSENTIDA

Cervecería
Cafetería
Pizzería
Restaurante

Rúa Valle Inclán, 21
988 006 173.
OURENSE

RESTAURANTE GULA TAPERÍA

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 15 988 619 371.- 699 959 112
Cachopines . Bollitos preñados

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
Comidas para levar

Maria Tapas Bar

Rúa Unión 1
651 853 881

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE



Roberto, de Adegavella; Lino, de El Mar; Manuel, de Disreal; Angel, do Trasno e Jorge, de Turistas, en Bar Fuente fría.



Kike, de Giráldez; Óscar, de Santorum; Jony, de Damm; Iago, de Giráldez y Manolo, de Tello, en Alpendre.

Concurso de Pinchos - Sabores de Ourense

O Concello de Ourense presentou o menú gastronómico para o Outono na cidade: a décimo terceira edición do concurso de Pinchos - Sabores de Ourense, que do 10 ao 21 de novembro presentará as mellores propostas para enxalzar o produto local. As datas son o mellor complemento ao ciclo festivo da cidade -o Magosto, declarado de Interese Turístico, as festas patronais e a carreira pedestre popular do San Martiño-, e un pulo ao turismo.

Nesta edición participarán 37 establecementos -15 deles fano fano por primeira vez-, e malia que a grande parte da oferta se concentra no centro histórico, haberá participación de establecementos espallados por diferentes barrios da cidade.

Os pinchos estarán elaborados con cogomelos e / ou castañas, materias primas frescas e de tempada, buscando potenciar os produtos locais, e os seus prezos oscilarán entre os 2 e os 3 euros. Entre as tendencias desta tempada destacan as receitas elaboradas con porco, os pinchos doces e os que precisarán de culler. Ademais, até 19 establecementos ofrecerán pinchos aptos para celíacos.

Os premios oficiais do concurso son os 3 outorgados polo xurado profesional, os 3 concedidos polo público -que, como novidade, este ano deberá selar 4 veces as tarxetas do Concurso- e o Premio Pincho Celíaco, outorgado pola delegación ourensá da Asociación Galega de Celíacos.



Para incentivar a participación, haberá numerosos premios entregados por establecementos colaboradores, propostas de maridaxe con viños da DO Ribeiro, e mesmo un concurso a través das redes sociais para premiar as mellores fotos.

Os comerciais de adegas e de empresas produtoras e distribuidoras de mercaderías, son pezas fundamentais todo o ano no sector hosteleiro e aínda máis nas datas próximas ao Nadal.



Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

ATARAXIA TACO Á GALEGA

Torta de trigo con crema de castaña pilonga, solombo de corzo marinado e mazá osmotizada á lima, cebola encurtida e maionesa de chipotle. **3 €**



EL CORRAL A CAÍDA DA FOLLA

Guiso de carne de porco con cogomelos e castañas enrolada en fariña de millo. **2,50 €**



O CAPRICHIO O CAPRICHIO DE OUTONO

Solombo ibérico de cerdo con crema de castañas e boletos acompañado de patacas chips. **2,90 €**



FUENTEFRÍA MAR E MONTAÑA

Pisto de boletos con foie de parrulo e migas de bacallau con aceite de prantas aromáticas frescas. **3 €**



DEMAMÁLUIS CROQUETÓN DE OUTONO

Deliciosa croqueta caseira enchida de chourizo, cogomelos e castaña. **2 €**



O TRASNO TRAVIESO

Solombo con queixo de cabra con castañas e salsa de cogomelos. **2,50 €**





Vísita O TRASNO



Rúa Lepanto, 10 . Ourense



O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE





Ataraxia

Tfno. 988 68 64 12

Praza do Correxidor, 12.
Praza dos Suaves. OURENSE

Día de Portugal no Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, puxo en valor no Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar, o peso, a influencia e as relacións que unen Galicia con Portugal como primeiro mercado emisor tanto de viaxeiros como de peregrinos e cuxos “fluxos turísticos están a ser fundamentais neste proceso de recuperación da crise sanitaria”.

Nava Castro, que participou no Día de Portugal que Xantar dedicou ao país veciño, lembrou que existen recursos naturais, como o río Miño que permiten afondar no desenvolvemento de produtos turísticos conxuntos vencellados coa súa navegabilidade, ou como os parques naturais Peneda Gêres-Xurés e a rede de cicloturismo Eurovelo.

Salientou o Camiño de Santiago como nexo e elemento compartido máis importante, xa que “dous de cada dez peregrinos que chegaron a Galicia fixérono a través do Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa”, engadiu



Día de Portugal en Xantar 2021.

Nava Castro. Segundo manifestou a responsable de Turismo de Galicia, a cifra de peregrinos que escolleron unha destas dúas rutas foi de 40.000 persoas.

Nava Castro gabou o éxito de Xantar para volver xuntar o mellor da gastronomía, non só galega senón tamén nacional e internacional “volvendo demostrar a súa capacidade de convocatoria e o pulo da gastronomía galega, que constitúe un pilar fundamental da estratexia turística da comunidade e é a carta de presentación de Galicia diante do viaxeiro e

do peregrino”.

Unha gastronomía –engadiu a directora de Turismo de Galicia– que este ano mira cara aos Camiños de Santiago, en plena celebración do Ano Santo e que desde a Xunta tamén se promove a través de iniciativas como Écociña, coa que se poñen en valor os produtos de proximidade e a necesidade de facer unha cociña máis sustentable e que xa conta con 120 establecementos adheridos que traballan en propostas culinarias máis responsables coa contorna e con menos pegada de carbono.

Premio “Pura e Dora Vázquez” de ilustración para Eva Piay

A ilustradora ourensá Eva Piay Fernández foi a gañadora do XVIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil “Pura e Dora Vázquez” na modalidade de ilustración, organizado pola Deputación de Ourense e dotado con 1.500 euros. O xurado destacou das ilustracións gañadoras “a súa coherencia co texto gañador, permitindo unha lectura visual moi clarificadora para o público infantil”.

O traballo de Piay Fernández ilustrará o libro O clube de coleccionistas de selos, de Pablo Nogueira Campo, gañador deste mesmo certame na modalidade de narración. O xurado subliñou que “as imaxes son moi estéticas e acabadas”. Na acta do fallo tamén se destacan das ilustracións gañadoras “os seus amplos planos que dan lugar á imaxinación,



Membros do xurado.

ofrecendo panorámicas e contextos diversos, e que representan perfectamente a idea da diversidade que ofrece a narración”.

Eva Piay Fernández, que se presentou ao certame co pseudónimo “Auga doce”, naceu en Rubiá, Ourense en 1999. Animada polos libros de poucas palabras e moitos debuxos, no ano 2017 trasladouse a Valencia a realizar

estudos en Belas Artes, dos que se atopa cursando o último ano. Compaxinando os estudos, participa coas súas ilustracións na edición de varias revistas e fanzines, e ten colaborado ademais con escritoras, concellos e organizacións en traballos de ilustración e cartelería. Tamén se desenvolve profesionalmente cara a escultura e a pintura.

O museo Arqueolóxico acolle fotografías de Conde-Valvís Fernández



Gabriel Alén, visitando o museo.

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, xestionado pola Xunta, incrementou seus fondos cunha colección de imaxes da familia Conde-Valvís Fernández. Trátase de fotografías que abranguen desde os anos 20 ata os 60 do pasado século, aproximadamente, e que recollen a actividade arqueolóxica de Francisco Conde-Valvís Fernández, ourensán afeccionado a esta disciplina e destacado bibliófilo, ademais de escenas da vida cotiá da época.

Gabriel Alén, delegado da Xunta, sinalou que actualmente en proceso de inventario, da colección cómpre sinalar as imaxes relacionadas co conxunto arqueolóxico de Armea, do que Conde-Valvís foi o primeiro en realizar escavacións, con testemuños tanto dos traballos como dos obxectos aparecidos. Conta tamén con imaxes da coñecida como basílica do forno de Santa e de achados noutras áreas, entre as que figuran as cabezas castrexas das que fixo doazón ao museo.

Ademais, móstrase o modo de vida dunha familia acomodada

das primeiras décadas do século XX da comarca de Allariz-Maceda, xunto algúns retallos de vida rural. Gran parte do fondo está tomado na contorna da vila de Allariz e permite observar como se foi modificando a paisaxe e a arquitectura da zona.

Francisco Conde-Valvís Fernández (1899-1985) formouse en París en Enxeñaría aplicada á electricidade, seguindo a estela do seu pai, quen entre outras empresas, executou o primeiro abastecemento de electricidade á cidade de Ourense. Tamén como herdanza do seu proxenitor, manifestou grande interese polo pasado, especialmente o da provincia de Ourense. Polos seus méritos no eido histórico, Francisco Conde-Valvís Fernández participou como membro da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense e posteriormente estivo vinculado co Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

O seu fillo Francisco Conde-Valvís Manzanares foi quen ingresou as fotografías. Trátase da terceira xeración familiar que contribúe co seu mecenado á colección do Museo.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción OURENSE

O Concello obtén dúas parcelas estratéxicas para o desenvolvemento termal das Burgas

A xunta de goberno local do Concello de Ourense, a proposta da Concellería de Urbanismo, acordou a consolidación definitiva do dereito de propiedade do Concello de Ourense sobre as parcelas número 1 e 2 do proxecto de expropiación da Área de Reparto "As Burgas", do Plan Especial de protección do BIC do sitio histórico das Burgas. Trátase de dúas parcelas que o Concello lle expropiara no seu día á empresa Xardín das Burgas, e que resul-

tan estratéxicas para o desenvolvemento deste espazo termal, sostén o Concello.

O Concello consolida o seu dereito á propiedade desta dúas parcelas, logo de que a empresa non manifestase expresamente a vontade de recuperar a súa propiedade, previa devolución das cantidades percibidas como xustiprezo pola súa expropiación, no prazo de tres meses dos que dispuxo desde que se lle notificou o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2020

no que se lle outorgaba a dita posibilidade.

Por este motivo, e unha vez superado amplamente o prazo concedido, o Concello declarou en xunta de goberno local a renuncia da empresa ao dereito de restitución e a consolidación definitiva da propiedade destas parcelas por parte do Concello.

O goberno municipal valora este acordo como un paso moi importante para o desenvolvemento do espazo termal das Burgas e a súa contorna, dado que



Xardíns das Burgas en Ourense.

permite obter dúas parcelas estratéxicas neste espazo de extraordinaria importancia para a cidade pola súa significación histórica e polo seu potencial.

O acordo da xunta de goberno

de 26 de novembro de 2020 incluía tamén a restitución doutras 5 parcelas de diferentes propietarios na mesma área de reparto, cuxos expedientes se atopan actualmente en tramitación.

Antonio Seijas, XXXVII Premio de Poesía Cidade de Ourense

Antonio Seijas Cruz (Ares, 1976) é o gañador do XXXVII Premio de Poesía Cidade de Ourense pola obra *Teoría do fin - Eurínome*, "un texto dunha alta solidez formal en que cada un dos capítulos tecen unha rede entre as leis físicas que inflúen no devir do universo e que as inciden na alma humana", en palabras do xurado desta edición.

Formado pola gañadora da edición do ano 2020, Lorena Conde, o crítico literario César Lorenzo e o secretario da Fundación Vicente Risco, Xosé González, o xurado escolleu a obra de Seijas de entre as 56 presentadas -25 máis que na pasada edición- porque "pousa o pé na



Antonio Seijas Cruz.


física para alcanzar unha fenda pola que entrar con axilidade no metafísico". O premio Cidade de Ourense está dotado con 6.000 euros máis a publicación da obra.

O autor

Historiador da Arte, ilustrador, pintor e autor de banda deseñada. Publicou catro novelas gráficas: *Un hombre feliz*, gañadora do Certame Castelao (2006) e premio do público ao Mellor guión no salón del Còmic de Barcelona (2008), que tamén foi adaptado a formato radio-teatro pola Radio Nacional Eslovena; *Cartas de inverno*, premio Isaac Díaz Pardo ao mellor Libro Ilustrado da Asociación Galega de Editores (2012); *La luz*, nominada Mellor Obra Nacional en Expocómic (2014). Seijas Cruz diseña revistas, xornais, libros e tamén libretos de discos, como os do grupo Marillion. O soño da serpe é a súa primeira novela (Editorial Galaxia).

ANTOMS

Terror energético



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Os VII Premios Semente da Ribeira Sacra foron decididos en Monforte

Insectos Galicia”, un proxecto que expón un proceso de economía circular con abonos ecolóxicos, obtivo os 12.000 euros do primeiro premio do concurso Semente Ribeira Sacra. O segundo, dotado con 8.000 euros, recaeu na proposta “Circular Forest”, enfocada á produción de cogomelos en biomasa forestal. A iniciativa para a recuperación dunha aldea abandonada, coa denominación “Castro Art Village”, levou o terceiro premio dotado con 5.000 euros.

A esta edición presentáronse 45 proxectos. Para eleixir os dez finalistas a organización tivo en conta o aspecto innovador das propostas á hora de “desenvolver ou medio rural e poñer en valor os seus recursos”.

Francisco Conde, vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, indicou que, como xa ocorreu nas seis edicións anteriores, tanto nos proxectos finalistas como nos tres gañadores, a innovación volveu ser a protagonista á hora de pensar no desenvolvemento do medio rural e poñer en valor os seus recursos a través de propostas de economía circular; tecnoloxía aplicada ao sector primario —forestal ou vitivinícola, en particular— ou vencelladas á cultura e o turismo sostible.

Conde agradeceu á asociación Semente de Monforte, organizadora deste certame, o seu labor de mecenado para que poidan ver a luz iniciativas que apostan pola



O acto celebrouse no parador de turismo de Monforte.

economía sostible na zona. Todas elas, engadiu, aliñadas cos obxectivos globais da dixitalización e a transición ecolóxica, que constitúen factores indispensables para a recuperación económica.

Resaltou o potencial da provincia de Lugo, onde se constituíron 290 proxectos

empresariais nos nove primeiros meses do ano –un 20% máis que no mesmo período de 2020– polo que asegurou que estes premios veñen a constatar que “Galicia, Lugo e A Ribeira Sacra teñen canteira e dispoñen do mellor talento” para seguir facendo futuro.

A Xunta remata as novas áreas de hospital de día e farmacia en Monforte

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, visitou o Hospital de Monforte, centro da rede sanitaria pública galega no que a Xunta vén de investir 1,5 millóns de euros para acadar dous obxectivos, por un lado ampliar o hospital de día oncohematolóxico e, ademais, mellorar o servizo de farmacia hospitalaria.

No que atinxe á ampliación do hospital de día, tanto para o servizo oncohematolóxico como para outros servizos a pacientes crónicos nunha área polivalente, o conselleiro sinalou que agora está instalado no segundo andar e duplica a súa superficie respecto á que tiña anteriormente (337 m² fronte a 160). Así, a área oncohematolóxica conta cunha superficie aberta con oito postos de tratamento ampliables, e, ademais un cubículo independente para atender enfermos illados. A área polivalente tamén ten un cubículo independente para pacientes illados e outros seis postos en superficie aberta. Cada área dispón da súa sala de vestiario e baño adaptado para os enfermos.

Xunto ao anteriormente sinalado, ao estar xuntas as salas, ademais de poder distribuír de maneira máis axeitada aos pacientes en función das necesidades asistenciais, as dúas áreas de hospital de día compartirán zonas como o control de en-

fermería ou os tres despachos de consulta, conseguindo incrementar a actividade sanitaria de maneira máis eficiente.

A obra consolida o hospital de día oncohematolóxico que, dende 2014, evita que pacientes con tratamento de quimioterapia teñan que desprazarse a Lugo.

Respecto do servizo de farmacia hospitalaria, directamente relacionado co anterior posto que prepara os tratamentos de quimioterapia, dispón dunha “sala branca”, espazo destinado a garantir a calidade na preparación destes fármacos e a seguridade dos profesionais. Máis alá desta sala, créanse dous despachos de dispensación externa, con sala de espera e sala de desembalaxe. En total, súmanse 255 m² máis á superficie da actual farmacia. E, por suposto, dixo o conselleiro, equipáronse estes espazos e mercouse un almacén automatizado, cábinas e unha máquina reenvasadora, no que se investiu 100.000 euros, “para asegurar a calidade e seguridade de profesionais e pacientes”.

Estas melloras “amosan a aposta clara da Xunta por este centro da rede do Sergas”, remarcou o máximo responsable da sanidade pública galega.

Plan director, proxecto con visión de futuro

Respecto do Plan director, que supón



Alcaldes de Terra de Lemos co conselleiro de Sanidade.

unha restructuración completa do hospital, o conselleiro sinalou que a Xunta está a traballar na redacción dos pregos para contratar o proxecto que defina superficies e materiais, así como na execución que planifique as fases da obra para interferir o mínimo posible na prestación asistencial.

Deste xeito, nos orzamentos do vindeiro ano, consignáronse fondos para financiar o contrato de redacción dese Plan director. Co documento do Plan director rematado, comezaranse a licitar as obras das distintas fases que se levarán a cabo sucesivamente ata completar un investimento de 15 millóns de euros, dixo García Comesaña.

En conclusión, subliñou o conselleiro, “un traballo de planificación a medio e longo prazo que queremos iniciar canto antes e que amosa que hai un proxecto cunha visión de futuro para continuar e mellorar a actividade asistencial neste hospital durante moitos anos”.

Aposta polos hospitais comarcais

Segundo remarcou García Comesaña, “o 85% da poboación galega atópase a menos de 30 minutos do seu hospital de referencia e os hospitais comarcais son unha peza clave para poder ter esa realidade de proximidade asistencial”. Por iso, a Xunta vai facer o que estea na súa man para manter en plena forma estes centros. En primeiro lugar, abordando a cobertura de profesionais. Así, prestar servizos nestes centros proporciona ao persoal puntuación extra á hora de estabilizar emprego ou mellorar salario.

En segundo lugar, a aposta da Xunta polos hospitais comarcais o reflicte a mellora das infraestruturas. Deste xeito, entre as obras xa rematadas e as licitadas, “o investimento do Executivo galego nestes centros supera os 32 millóns de euros en melloras, e esa cifra vaise incrementar con eses proxectos xa en marcha na totalidade dos hospitais comarcais galegos”, concluíu García Comesaña.

Xornadas de Portas Abertas das Rutas dos Viños en Ribeira Sacra

Javier Arias, delegado da Xunta, destacou o valor engadido que achega o viño para dinamizar a oferta turística da Ribeira Sacra durante todo o ano. No transcurso dunha visita á adega Abadía da Cova (O Saviñao) no marco das 10ª Xornadas de Portas Abertas das Rutas dos Viños de Galicia, Arias apuntou que “a viticultura e o viño son inseparables doutros sinais de identidade desta zona como a paisaxe e o patrimonio, polo que é un acerto aproveitar en conxunto esas fortalezas para seguir consolidando este territorio como un destino único que ofrece infinitas posibilidades”.

Arias destacou que iniciativas

de promoción como a que se desenvolve esta fin de semana na Ribeira Sacra supoñen a posta en valor dun recurso cuxa demanda está en auxe e que pode complementarse con outras propostas para atraer a máis públicos, como os Outonos Gastronómicos, que promove a Xunta ata finais de ano para estimular a demanda de aloxamento e restauración nas casas rurais.

Programa

A Xunta e as cinco Asociacións das Rutas dos Viños de Galicia celebraron en outubro a nova edición das Xornadas de Portas Abertas das Rutas dos Viños, que inclúe por vez primeira unha fin de semana para cada unha delas. O lema deste

ano é “Volvemos brindar”.

A Ribeira Sacra acolleu visitas guiadas e de balde ás 11 adegas participantes na promoción. Ofertáronse actividades e itinerarios variados con paradas en lugares de interese como o EcoMuseo de Arxeriz, o Centro Oleiro Rectoral de Gundivós (Sober), o mosteiro das Bernardas (Pantón) o Museo do Viño da Ribeira Sacra (Monforte de Lemos), unha visita teatralizada ao Pazo de Tor (Monforte) e a outros espazos de referencia como os miradores.

Outras propostas foron a Ruta do Románico en Sober, Ruta entre Oliveiras da Ribeira Sacra, Ruta entre Sendeiros do Cabo do Mundo, visita ao museo etnográfico



Visita á adega Abadía da Cova, no Saviñao.

de Quiroga, catas, degustacións, paseos en lancha e un percorrido en segway con monitor entre Doad e o Mirador Souto Chao.

Todas as actividades están concibidas para ser gozadas en pequenos grupos e previa reserva, co obxectivo de seguir dándolle cumprimento ás medidas preventivas e de seguridade derivadas

da crise sanitaria, garantindo así un enoturismo seguro.

Así mesmo, ofertouse o servizo de transporte no Bus do Viño cun guía turístico especializado para os participantes que visitaeon as adegas, museos e outros lugares de interese. A programación continuou coas rutas do Ribeiro e Monterrei.

A Xunta rehabilita vivendas no ARI da Ribeira Sacra

A Xunta de Galicia recibiu este ano un total de 67 solicitudes de axudas para rehabilitar ou construír vivendas para uso residencial nalgún dos 25 concellos que conforman a Área de rehabilitación integral (ARI) da Ribeira Sacra, unha figura supramunicipal declarada en febreiro do ano pasado.

Durante unha visita a Pantón para coñecer os traballos executados nunha das vivendas que resultaron beneficiarias destas subvencións, Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, explicou que, ata o momento, xa se concederon 24 axudas, pero que o Instituto Galego da Vivenda e Solo aínda está a analizar parte das solicitudes recibidas.

É o segundo ano que a Xunta convoca esta liña de subvencións dirixida a particulares, comunidades, agrupacións de propietarios e administracións públicas con inmobles localizados dentro da ARI da Ribeira Sacra para realizar traballos de mantemento e rehabilitación, tanto no exterior como no interior. Entre as actuacións subvencionables tamén se inclúen as obras de demo-



Vivenda rehabilitada en Pantón (Lugo).

lición de vivendas unifamiliares e edificios co fin de promover outras de nova construción.

O importe máximo das axudas ás que poden aspirar os solicitantes é de 25.000 euros, unha contía prevista para aqueles casos nos que as obras se adapten ás recomendacións da Guía de cor e materiais. No caso da vivenda que visitou a conselleira, os propietarios recibiron unha subvención de 22.200 euros coa que sufragar as melloras executadas en materia de eficiencia enerxética, intervindo sobre a fachada e a cuberta, pero tamén no seu interior.

Deseñado como un paquete

de 10 actuacións desde o punto de vista urbanístico e medioambiental, e cun orzamento total estimado de 4,5 millóns de euros, Ángeles Vázquez indicou que, nestes momentos, o 90% das medidas previstas no marco deste Plan xa están en execución.

Por iso, de cara ao futuro e tras a proclamación da Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, avogou por seguir traballando para demostrar que é posible combinar a conservación da biodiversidade e do patrimonio natural que caracteriza esta zona, cun desenvolvemento económico e turístico sostibles.

Día de Sober en Xantar 2021



Caseta do Concello de Sober en Expoureense.

O Concello de Sober contou un ano máis, desde 1999, cun stand propio na Feira 'Xantar, 22º Salón Internacional de Turismo Gastronómico', que se celebrou do 3 ao 7 de novembro en Expoureense, na cidade das Burgas.

O goberno local segue fiel a esta cita que utiliza para darse a coñecer ante miles de visitantes como un destino próximo, completo e único. O día 3 de novembro foi o día dedicado a Sober e houbo degustación de viño de Amandi e rosca de Sober con queixos das

diferentes denominacións protexidas de Galicia.

O Concello de Sober promocionou os seus principais atractivos turísticos, entre os que destaca o seu emprazamento na Ribeira Sacra o que lle outorga increíbles paisaxes; os seus miradoiros, os seus afamados viños de Amandi, que pertencen á denominación de orixe Ribeira Sacra e outros atractivos, como a olería de Gundivós, o seu románico rural a súa oferta en aloxamentos rurais e locais de hostalería e restauración.

Antón Pulido ilustra a portada de “Nós, A Xente do Redor” presentada en Ribadavia

Por Mari Trini Rodríguez

A revista cultural, “Nós, A Xente do Redor” presentou o número cinco, onde se incorporaron novos autores á longa nómina de colaboradores habituais destacando a ilustración da portada realizada polo recoñecido pintor ourensán Antón Pulido.

Preto de oitenta persoas déronse cita na capital do Ribeiro nun magnífico acto presentado por Marina Sánchez, artista polifacética e colaboradora da revista. Un acto de emocións encontradas, dalgunhas bágoas, de sorrisos, de sentimentos e de ledicia de tódolos alí presentes, adobiado coas actuacións musicais dos acordeonistas Juan Ruibal e Maximino Míguez e da marabillosa voz de Antonio Barros que fixeron participar a tódolos con palmas, acompañamento musical, facendo percusión co que cada quen tiña a man e ata cantando e facendo os coros.

Foi unha gran posta en escena na Igrexa da Santa María Magda-



Asistente agraciada cun lote do viño do Ribeiro.

lena do século XVIII, un xoia da monumental Ribadavia, no corazón do barrio xudeo, cunha excelente acústica de templo sagrado, que envolveu coa súa maxia, coma unha promesa da expansión da revista a nivel de Ourense, de Galicia, de España e máis alá alcanzando a todos os galegos espallados polo mundo.

O acto contou coa presenza da alcaldesa de Ribadavia Noelia Rodríguez, a xefa territorial de Cultura Judith Fernández, o vicepresidente da Deputación Rosendo Fernández exercendo de mestre de ceremonias. Tamén asistiu

Juan Manuel Casares Gándara presidente do consello regulador do Ribeiro, colaborador da revista, que xunto co director Avelino Jácome e Miguel Ángel Martínez Coello fixeron entrega dun par de exemplares e unha lámina coa reprodución da portada a cada un dos autores presentes.

Participou no acto Sonia Couso que, no nome da Ruta do Viño do Ribeiro patrocinadores da revista e anfitrións do evento, deleitaron aos asistentes cunha cata do seu viño branco, ben fresquiño, de moi bo paladar en boca e un moi bo aroma.

XXIII Xornadas dos servizos de orientación e asistencia xurídica penitenciaria



Juan José Martín, director xeral de Xustiza, participou en Lugo nas XXIII Xornadas dos servizos de orientación xurídica penal que celebra o Consello Xeral da Avogacía Española para abordar diferentes cuestións xurídicas relacionadas coa política penal.

Martín interveu co relatorio “Traspaso e asunción de competencias sanitarias en materia penal”, no que fixo un percorrido sobre as competencias autonómicas no eido penal e sobre as necesidades de acompañar as posibles transferencias coas partidas orzamentarias

pertinentes, “pensando sempre no ben dos pacientes reclusos e dos profesionais que os atenden”, indicou o director xeral de Xustiza.

Nas xornadas abordáronse, entre outras cuestións, o protocolo de ingreso directo nos centros de inserción social, a situación das persoas presas con discapacidade ou a situación actual e perspectivas da política penal, ademais do traspaso e asunción, por parte das comunidades autónomas, das competencias sanitarias en materia penal, apartado no que interveu o director xeral de Xustiza.

O parque acuático de Monterrei “un proxecto estratéxico para provincia”

César Fernández, vicepresidente da Deputación afirmou que o parque acuático que se está a construír no complexo deportivo de Monterrei, cofinanciado pola Xunta de Galicia e a institución provincial ao 50 %, “é un exemplo de colaboración pública á hora de facer realidade un proxecto estratéxico para a provincia e a súa veciñanza, que disporá dunha infraestrutura única en Galicia, pero que tamén será un espazo de lecer e deporte de referencia no noroeste peninsular e no norte de Portugal”.

Fernández, xunto co secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, o delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, e o alcalde de Pereiro de Aguiar, Luis Menor Pérez, asistiu á sinatura da acta de replanteo da segunda

fase -a primeira relativa ao parque acuático- do complexo de Monterrei como paso previo ao inicio das obras dos accesos, os espazos infantís e as novas piscinas que serán unha realidade no verán de 2022. O importe de adjudicación á empresa Proyecon Galicia é de 4,7 millóns de euros e terá un prazo de execución de oito meses.

Nesta fase prevese a creación dunha nova zona de acceso e un aparcamento; un novo edificio de acceso, con vestiarios, zona de administración e oficinas; área de xogos acuáticos para idade infantil; reformulación da zona das piscinas actuais aproveitando os vasos existentes e incorporando novas funcionalidades e tobogáns; espazos de lecer; e renovación das instalacións de saneamento e abastecemento. Tras esta pri-

meira fase do parque acuático será a quenda da segunda, encargada do río lento e que estará rematada no verán de 2023; mentres que a terceira e cuarta fase, agora en revisión técnica, centraranse nas zonas de adrenalina e multiaventura, estando previsto o seu remate no verán de 2024

10 millóns de euros

Cun investimento de 10 millóns de euros, cofinanciados ao 50 % entre Xunta de Galicia e Deputación de Ourense, o proxecto está dirixido prioritariamente á xeneralización da práctica da actividade física saudable, deportiva e do ocio familiar. As novas instalacións permitirán ampliar a actual oferta deportiva. Cómpre lembrar que desde principios de ano o complexo conta xa cunhas novas instalacións de pump track indoor



As obras rematarán no próximo verán, segundo as previsións.

para bicicleta BTT e deportes urbanos, ademais dunha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e outras dúas descubertas e a ampliación da cuberta da pista de atletismo.

O futuro parque tamén con-

verterase nunha referencia de adaptación ao medio e ao entorno natural que rodea o espazo e, por suposto, de sustentabilidade. A eficacia na xestión e a eficiencia enerxética serán aspectos fundamentais para obter unha instalación co maior rendemento social e económico posible.